



# TURIRAPA



Crecente asociados



**MAR DE COMPOSTELA**

Asociación de Turismo Rural e Ocio  
da Comarca de Tabeiros Terra de Montes

# TURIRAPA

## DESCRIPCIÓN

O programa **TuriRapa** invítate a descubrir a historia da Rapa das Bestas de Sabucedo e participar nesta festa declarada de Interese Turístico Internacional. Turirapa tamén inclúe rutas e outras actividades para coñecer as paraxes naturais e os produtos gastronómicos do entorno coa comodidade de contar cunha casa de turismo rural na que descansar e repoñer forzas para a seguinte xornada. O aloxamento, cea e almuerzo están incluídos no prezo. Ademáis ofrece un picnic para a comida do sábado pensado para poder desfrutar do ambiente festivo todo o día.

O programa **TuriRapa** dura 3 días e 2 noites, durante a primeira fin de semana de Xullo. Pode ser contratado de forma individual, en parella ou en grupos. Podes consultar toda a información adicional que necesites sobre o programa TuriRapa na web da Asociación de Turismo Rural e Ocio da Comarca de Tabeirós Terra de Montes Mar de Compostela : [www.mardecompostela.com](http://www.mardecompostela.com) ou no teléfono **699 339 794**.





**MAR DE COMPOSTELA**

Asociación de Turismo Rural e Ocio  
da Comarca de Tabeiros Terra de Montes

# TURIRAPA

## PROGRAMACIÓN

### VENRES

- ✓ Chegada ao aloxamento de Turismo Rural
- ✓ Recepción, entrega de material informativo e obsequio
- ✓ 20:00 h. Entrada á exposición sobre a Rapa das Bestas Sabucedo
- ✓ 21:30 h. Tiquet-Cea nos postos da Carballeira do Campo do Medio
- ✓ 22:00 Verbena

### SÁBADO

- ✓ Almorzo
- ✓ 12:00 Encontro no Celeiro e subida ao monte para participar na baixada das bestas
  - ✓ Picnic para comida campestre
  - ✓ 18:00 h. Ruta dos muíños de Sabucedo
- ✓ 21:30 h. Tiquet-Cea nos postos da Carballeira do Campo do Medio
- ✓ 22:00 h. Verbena

### DOMINGO

- ✓ Almorzo
- ✓ 12:00 h. Entrada ao curro para presenciar a Rapa das Bestas
- ✓ Fin da viaxe

**PREZO: 140 €**

Prezo por persoa en cuarto dobre e con seguro de viaxe.  
Traslados a cada actividade programada non incluídos.  
(opcion transfers dipoñíbel)




Crecente asociados



## MAR DE COMPOSTELA

Asociación de Turismo Rural e Ocio  
da Comarca de Tabeiros Terra de Montes





**MAR DE COMPOSTELA**

Asociación de Turismo Rural e Ocio  
da Comarca de Tabeiros Terra de Montes

## VENRES

Turirapa iníciase o venres pola tarde coa chegada do usuario á casa de turismo rural. O persoal de recepción informará ao visitante sobre os servizos dispoñibles no establecemento e sobre os horarios e localización do servizo de almorzo (incluído no paquete Turirapa). Asemade, dará as indicacións pertinentes sobre o contido do paquete, faralle entrega do material documental e atenderá calquera cuestión ou dúbida co fin de que poida aproveitar ao máximo a súa experiencia Turirapa.

Tras a instalación no cuarto, o visitante trasládase a Sabucedo, onde poderá ver a chegada dos poldros e participar do ambiente dos preparativos para a celebración do primeiro curro (que terá lugar o sábado) e das primeiras actividades lúdicas da festa. Co obxectivo de comprender mellor a historia, o significado e a repercusión da Rapa das Bestas, Turirapa inclúe a entrada á exposición organizada anualmente sobre esta festa de Interese Turístico Internacional.

O seguinte servizo incluído no paquete é unha cea (21:30 h) nos postos do Campo do Medio. O obxectivo é coñecer e saborear pratos típicos da gastronomía galega e coller forzas para a derradeira actividade desta primeira xornada: a verbena organizada na Carballeira do Campo do Medio.





**MAR DE COMPOSTELA**

Asociación de Turismo Rural e Ocio  
da Comarca de Tabeiros Terra de Montes



Crecente asociados



**MAR DE COMPOSTELA**

Asociación de Turismo Rural e Ocio  
da Comarca de Tabeiros Terra de Montes

## SÁBADO

O sábado despois do almorzo o participante trasladarase a Sabucedo para participar na baixada dos cabalos agrupados na Vaguada do Peón e conducirlos á aldea. Esta actividade está pensada para que o visitante participe xunto cos veciños no acompañamento da manada ata o Curro, que é un recinto cerrado con aforo limitado, dónde se realiza a Rapa.

Logo desta actividade, haberá un xantar ao aire libre tipo picnic.

O tempo libre remata despois da comida (18:00 h), dando paso á realización da Ruta dos Muíños. Neste percorrido visítase a paraxe natural do Vesacarballa e os seus muíños e recíbense as explicacións históricas e etnográficas pertinentes. A ruta remata de novo na aldea de Sabucedo, alí o usuario disporá dun tiquet para poder cear nos postos gastronómicos da Carballeira do Campo do Medio. A xornada do sábado remata de novo coa participación no baile e outras actividades lúdicas organizadas (a partir das 22:00 h.).





**MAR DE COMPOSTELA**

Asociación de Turismo Rural e Ocio  
da Comarca de Tabeiros Terra de Montes



Crecente asociados





**MAR DE COMPOSTELA**

Asociación de Turismo Rural e Ocio  
da Comarca de Tabeiros Terra de Montes

## DOMINGO

Na última xornada o visitante xa coñecerá o núcleo de Sabucedo, o seu entorno e a historia da Rapa polo que, tras o almuerzo na casa de Turismo Rural, estará listo para presenciar o que é a razón de ser do paquete: a cerimonia da Rapa das Bestas. Turirapa inclúe o acceso ao recinto do curro (12:00 h), onde os aloitadores enfróntanse á tarefa de dominar ao cabalo para cortarlle as crinas. É aconsellable estar hora e media antes para entrar ao curro e levar gorra ou sombreiro, gafas de sol e crema solar.

## PREZO

1 persoa en cuarto dobre

140 € (IVE incluído)

